



Confederación Intersindical Galega  
CIG-Autónomica  
Edificio Administrativo San Caetano  
15781 Santiago de Compostela  
autonomica@cigadmon.gal



Zeltia Burgos Tortosa, secretaria nacional da CIG-Autónomica, co enderezo válido para os efectos de notificacións indicado na cabeceira deste escrito e correo electrónico [autonomica@cigadmon.gal](mailto:autonomica@cigadmon.gal), en nome e representación desta organización sindical, presento as seguintes

### **Consideracións e propostas preventivas ao COVID19 na incorporación e traballo nos centros educativos do persoal non docente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

Para a CIG-Autónomica é necesaria a apertura dunha mesa de negociación. Non podemos quedarnos coa imposición dunhas “Recomendacións sanitarias a establecer nos centros educativos”. Consideramos que se non existe un plan único de protección sanitaria, adoptado para o conxunto do Estado español (que tampouco é necesario por ser competencia da administración galega nos seus centros) que especificamente analice as medidas sanitarias no sistema educativo, debe establecerse por parte desta Consellería un propio e que sexa negociado coa representación do persoal de xeito urxente.

Non é apropiada a imposición da incorporación do persoal o luns 11 de maio baseada exclusivamente en catro parágrafos derivados do acordo do CECOP do 5 de maio (D.O.G do 6 de maio de 2020) sen planificación preventiva e organización e moito menos unha posterior instrución pola que se aclaran certos extremos que o único que supón é a imposición da incorporación de máis persoal ó que non se facía expresa referencia no acordo do CECOP.

Aínda nunha situación excepcional coma esta, non partimos de cero e, por sorte, temos a infraestrutura necesaria e a base lexislativa para establecer unha formulación efectiva na que a Administración non teña limitacións á hora de protexer ao seu persoal e as persoas usuarias dos seus servizos da infección polo coronavirus. A normativa de prevención de riscos laborais, o propio plan da Xunta e o traballo do Servizo de Prevención de Riscos Laborais son a base dende a que comezar este traballo.

É tamén esencial facer un traballo preventivo previo a reincorporación do alumnado (ou a parte del tal e como se desprende das recentes novas), máis ao mesmo tempo debe garantirse a seguridade de todo o persoal fronte ao risco biolóxico do COVID-19 e establecer plans claros que definan unha estratexia de protección colectiva que evite a propagación nos centros educativos.

A incorporación de forma efectiva de todo o persoal, debe facerse de forma planificada previo análise das condicións e lugares de traballo que permitan compatibilizar a norma básica de separación física de 2 metros entre todas as persoas empregadas públicas.

Para a CIG é esencial facer unha avaliación individual coas ferramentas xa reguladas que apoiadas co Servizo de Prevención de Riscos Laborais e coa participación da representación

do persoal e dos Comités de Seguridade e Saúde Laboral aseguren a incorporación co mínimo risco posible.

A continuación pasamos a detallar os distintos elementos propostos que non pretenden substituír ás avaliacións de riscos laborais ao COVID19 que se deben facer en cada centro de traballo dependendo das súas especiais características.

## 1. ANÁLISE CARACTERÍSTICAS ESPECÍFICAS E PLANIFICACIÓN DAS MEDIDAS PREVENTIVAS

Este procedemento iniciárase cunhas actuacións preliminares nas cales se preparará o retorno das traballadoras e traballadores, con atención a unha serie de parámetros, coa finalidade de adecuar a súa incorporación efectiva á implantación das medidas preventivas necesarias para garantir a protección da súa saúde. Cómpre que teñamos unha radiografía precisa de cada traballador/a que se vaia a incorporar (número total, idade, patoloxías previas...) e das funcións que van desempeñar.

A estratexia de incorporación debe fundamentarse en:

1. dar seguridade,
2. transmitir certeza
3. e minimizar os contaxios.

En todo caso, para prestar o traballo de xeito presencial, deberanse ter en conta as seguintes medidas preventivas previas

- Antes da incorporación deberían facerse **probos PCR** (ou outras probas testadas/homologadas de inmunidade) **a aquel que estivo prestando servizos na Consellería de Política Social**. A maiores debería levar un control diario da temperatura corporal de cada traballador/a polo menos ao inicio da xornada laboral con termómetros dixitais de non contacto.

- Deberíase dar unha formación específica a todo o persoal que se incorpora para que poidan realizar o seu traballo con seguridade, tendo en conta a emerxencia sanitaria actual. No persoal que sexa posible debería fomentarse o teletraballo e actuacións que impliquen o traballo individual.

De xeito xeral e, polo tanto, de aplicación a todo o procedemento de reincorporación ao posto de traballo, deberanse ter en conta as previsións respecto á conciliación da vida familiar e laboral, así coma ó persoal vulnerable.

Neste sentido, deberanse concretar os seguintes aspectos:

1. Identificar a todo o persoal e as súas funcións para determinar os riscos biolóxicos no desempeño das súas funcións.

2. Identificar os espazos de traballo compartidos nos cales se cumpre a distancia de seguridade de 2 metros (frontal, lateral e traseira) e aqueloutros nos que é preciso establecer medidas colectivas. Débese ter en conta que a distancia de seguridade de 2 metros é unha distancia de separación persoal, polo que a referida medida aplícase de persoa a persoa. Respecto aos postos de traballo que se constate que non cumpren a

separación de 2 metros, avaliarase se, reordenando os postos de traballo, se pode conseguir a separación ou tomaranse outras medidas organizativas.

Tras as actuacións preliminares que permitirán ter unha radiografía do distinto persoal ante a emerxencia sanitaria do coronavirus, desenvolverase a planificación preventiva que comportará as seguintes accións:

- Deseño dos plans preventivos necesarios para cada categoría e función.
- Establecemento das medidas organizativas colectivas para a acción preventiva.
- Formación específica fronte ao COVID-19 para todo o persoal agrupado por categorías.
- Implementación das medidas preventivas, adquisición de EPIsS con stock suficiente.
- Resolver solicitudes de persoal sensible e conciliación familiar/laboral. Neste punto e mentres non estea resolto permanecerá na súa casa.

## 2. PROPOSTAS DE MEDIDAS ORGANIZATIVAS DE CARÁCTER PREVENTIVO

En termos xerais:

### **Medidas xerais de carácter organizativo**

Implementar as medidas necesarias para minimizar o contacto entre persoas traballadoras e o potencial público que poida concorrer no centro educativo.

Neste senso, a disposición dos postos de traballo, a organización da circulación de persoas e a distribución de espazos (mobiliario, estantes, corredores, etc.) no centro, debe modificarse co obxectivo de garantir o mantemento da distancia de seguridade de 2 metros, e de non ser posible instalar mamparas.

O aforo máximo deberá permitir cumprir coas medidas extraordinarias ditadas polas autoridades sanitarias, concretamente co requisito de distancias de seguridade.

Cando sexa necesario debido a aglomeración de persoas fomentarse a habilitación de mecanismos de control de acceso nas entradas dos centros. Este control de acceso debe garantir o cumprimento estrito do aforo máximo calculado para esta situación extraordinaria. Todo o público, incluído o que agarda no exterior do centro, debe gardar rigorosamente a distancia de seguridade.

Instalación de alfombras desinfectantes en todas as entradas aos centros.

Explicaráselle claramente as medidas organizativas e a obriga de cooperar no seu cumprimento.

### **Medidas xerais de hixiene para todo o persoal do centro**

A hixiene de mans é a medida principal de prevención e control da infección, farase con auga e xabón ou produtos de base alcólica.

Si se teñen síntomas respiratorios debese cubrir a boca e o nariz ó tusir ou esberrar con un pano desbotable e tiralo nun contedor de lixo. De non ter pano de papel debese tusir ou esberrar na parte interna do cóbado para non contaminar as mans.

Colocaranse dispensadores de solución hidroalcólica nas inmediacións dos postos do persoal, tamén se colocarán en punto de de fácil acceso para o público que acceda o centro.

Débase manter unha distancia de máis de 2 metros, evitando contacto físico (apertas, bicos, saúdos coas mans).

No caso de que non se poida garantir a distancia de seguridade deberanse usar EPIS ou barreiras físicas de separación.

## **Medidas específicas para o persoal segundo o traballo que desenvolve**

### 1. Persoal administrativo e subalterno

Os equipos de traballo (ordenador, rato, mesa, teléfono e material de oficina) deberán ser usados só pola persoa titular do posto e, de non ser posible, desinfectaranse adecuadamente antes de ser empregados por outra persoa; no caso de compartir equipos deberán dispor de cascos inalámbricos individuais para a atención telefónica.

Os usuarios dos espazos de atención ao público non poderán empregar os equipos informáticos, material de oficina ou outros obxectos dos empregados públicos.

Na atención ó público e sobre todo cando sexa preciso o tratamento de documentación deberán instalarse mamparas protectoras así como a delimitación de distancias no chan e facilitaranse EPIS necesarios que como mínimo deben ser:

- máscaras hixiénicas e pantallas de metacrilato
- luvas
- solución hidroalcohólica.

Tamén deberá establecerse un sistema de cita previa para evitar aglomeracións e poder facer un efectivo control de accesos.

### 2. Persoal de limpeza

Poranse os medios necesarios para garantir a hixiene dos lugares de traballo, que deberá intensificarse en relación coa práctica habitual. As políticas de limpeza e desinfección de lugares e equipos de traballo, son importantes medidas preventivas. É crucial asegurar a correcta limpeza das superficies e dos espazos e a súa ventilación, tratando de que se realice limpeza diaria de todas as superficies, facendo fincapé naquelas de contacto frecuente como pomos de portas, caixóns, pasamáns, mostradores, antepanos, teclados, pantallas táctiles, ferramentas de traballo e outros elementos susceptibles de manipulación, prestando especial atención a aqueles utilizados por máis dun traballador.

Debe prestarse especial atención á protección do persoal traballador que realice as tarefas de limpeza polo que deberá estar equipado cos EPIS necesarios e que deben ser como mínimo:

- Luvas de protección, mellor optar por guantes de nitrilo que se adapten perfectamente ás mans, xa que son resistentes á rotura e pódense desinfectar.
- Equipos de protección respiratoria (máscaras e pantallas protectoras de metacrilato para evitar salpicaduras)
- Roupa de traballo suficiente para poder proceder diariamente ó seu lavado e desinfección de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60 e 90 °C

Dado que a limpeza e desinfección é primordial na situación na que nos atopamos e a carga de traballo á que este persoal se verá sometido é imprescindible, que este se vexa reforzado

para poder realizar as tarefas encomendadas así como poder facelas varias veces ó día tal e como se establece en tódalas directrices sanitarias.

### 3. Persoal coidador

O traballo deste tipo de persoal require o contacto directo e estreito con alumnado con especiais necesidades polo que non haberá posibilidade de manter o distanciamento social de 2 metros polo que é imprescindible dotalo de EPIS que como mínimo deberán ser:

- Equipos de protección respiratoria (máscaras, pantallas de metacrilato)
- Solución hidroalcohólica individual para poder dispoñer dela en todo momento.
- Roupa de traballo suficiente para para poder proceder diariamente ó seu lavado e desinfección de forma mecánica en ciclos de lavado entre 60 e 90 °C

### 4. Persoal Intérprete de lingua de signos

Ao igual que o persoal coidador e debido ó seu traballo manter a distancia social de 2 metros resulta, cando menos, complexo polo que tamén é imprescindible dotalo de EPIS. Neste caso deberan ser especiais xa que as máscaras deberan dispoñer dun sistema no que se permita ver os beizos ou ben pantallas de metacrilato ou calquera outro sistema que permita desenvolver o seu traballo coa maior seguridade..

Queremos puntualizar que respecto do persoal que non se nomea expresamente como é o de cociña, educadores, fisioterapeutas... etc non facemos achegas concretas mentres non se defina concretamente como, por exemplo, se procederá á apertura de centros de educación especial ou como se reorganizará o servizo de comedor para manter as recomendacións sanitarias, polo que no momento en que dispoñamos desta información poderemos facer as achegas oportunas, incluso no caso de que se estime que outras medidas podan ser máis axeitadas dependo, por exemplo, do tipo de alumnado e de como vaian mudando as circunstancias.

### 3. PERSOAL SENSIBLE

Dentro das actuacións preliminares e antes da reincorporación efectiva do distinto persoal, aquelas persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou afección que implique a súa consideración como grupo vulnerable realizarán unha solicitude ao servizo de persoal da xefatura territorial correspondente para que resolva a súa situación tendo en conta ás seguintes consideracións:

- O persoal que se inclúe como grupo vulnerable é o que presenta algunha das seguintes doenzas ou situacións persoais: enfermidade cardiovascular/HTA; diabetes, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia; cancro en tratamento activo, maiores de 60 anos ou embarazo.
- Rexeitamos a Guía de actuación preventiva ante o coronavirus no ámbito da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG número 74, de 17 de abril, xa que, expresamente queda excluído o persoal da Consellería de Educación, que ademais conta con un servizo de prevención de riscos laborais propio. considerando ademais que o protocolo

establecido por esta Guía para a determinación do persoal como sensible, pon en grave risco ao persoal. Solicitamos que cautelarmente e mentres non se resuelva o trámite polo que se determine a vulnerabilidade do persoal para a determinación do traballador sensible non se incorpore a actividade presencial.

- Ata que non estean resoltas as solicitudes de persoal sensible, a persoa solicitante non se incorporará ao seu posto de traballo de forma efectiva.

#### 4. PERSOAL CON NECESIDADES DE CONCILIACIÓN LABORAL-FAMILIAR

Dentro das actuacións preliminares e antes da reincorporación efectiva do distinto persoal, aquelas persoas que teñan necesidades de conciliación laboral- familiar realizarán unha solicitude ao servizo de persoal da xefatura territorial correspondente para que resolva a súa situación tendo en conta as seguintes pautas:


Poderá prestar ou seguir prestando o seu traballo en réxime de teletraballo o persoal que o poda desempeñar así e teña ao seu cargo menores ou maiores dependentes e se vexa afectado, de ser o caso, polo peche de centros educativos ou de maiores (ou se a apertura destes limita o número de usuarias/os), e non sexa compatible a súa situación persoal con medidas especiais de flexibilidade da xornada laboral. Este réxime especial de teletraballo só se poderá conceder a un traballador para o caso en que houbese dous ou máis empregados públicos convivintes en que se dea a mesma circunstancia.

- Con respecto ao persoal que non poda desempeñar o seu traballo en réxime de teletraballo poderá desempeñar a súa prestación de traballo en quendas que se adecúen a súa conciliación.

- Ata que non estean resoltas as solicitudes de conciliación, a persoa solicitante non se incorporará ao seu posto de traballo de forma efectiva.

- A xefatura establecerá as medidas organizativas necesarias para a adecuación das solicitudes xustificadas de conciliación.

Compostela, 15 de maio de 2020



Zeltia Burgos Tortosa